



Baldomero Iglesias Dobarrio *Mero* achega en 2007 ao Museo do Pobo Galego para a súa dixitalización, estudo e difusión a súa colección persoal con gravacións de campo de música, baile, lendas, adiviñas e outras manifestacións da tradición oral. O museo dixitalizou até o día de hoxe 460 casetes (editadas ademais en cortes independentes case na súa totalidade) e recibiu tamén unha decena de vídeos xa en formato dixital.

As primeiras recollas da colección datan de comezos da década de 1970. Destacan en número as compilacións (efectuadas por el mesmo ou dirixidas por el e realizadas por alumnos seus) do concello de Mesía, onde o autor traballou como mestre no ensino público, e doutras localizacións principalmente da provincia de Lugo. A colección contén tamén gravacións que outros amigos e colaboradores realizaron para el ou lle cederon para a súa conservación e difusión.

O labor de dixitalización e edición desta colección continúa na actualidade.

[15-01-2017]



Baldomero Iglesias *Mero* [esquerda] xunto co gaiteiro Xosé Mosquera, veciño e informante de Xanceda.

Foto: Arquivo de Baldomero
Iglesias *Mero*, sen data.